

---

## CIG convoca paros contra o boicot á folga das contratadas

Dende a CIG convocamos paros de 2 horas os días 2, 4, 9 e 11 de xuño, contra a asignación de tarefas dos traballadores das contratadas en folga ao persoal propio e pola internalización da actividade e do emprego na Telefónica.

Dende o inicio da folga das contratadas, na CIG estamos insistindo permanentemente que este conflito tamén vai con nós. Máis ben vai contra nós, pois canto peores condicións laborais padezan os compañeiros das contratadas, peor nos irá tamén a nós. Non vale mirar para outro lado, non podemos pensar que este problema non nos afecta, temos que implicarnos na loita xa que unha resolución positiva deste conflito vainos axudar nos retos que temos que afrontar, como a negociación do novo Convenio.

O cerne do conflito ten moito a ver cun modelo empresarial perverso que destrúe emprego nas grandes empresas para externalizalo pola vía da subcontratación, destrúe contratos con boas condicións laborais para substituílo por contratos totalmente precarios, hoxe xa próximos á semiescravidade, con salarios de miseria e horarios que poden chegar ás 12 horas diarias, traballando 6 ou 7 días á semana. Traballadores que pasan o día traballando por un salario que non permite cubrir as necesidades básicas.

Dende o noso punto de vista, Telefónica está vulnerando a lei no que atinxe ao dereito de folga cando asigna ao persoal propio avarías que son da contratada. Entendemos que non pode darnos o traballo que está externalizado mediante contrato con outras empresas e así llo fixemos constar por escrito e mediante denuncias na Inspección de Traballo.

### **Agora damos un paso máis e convocamos folga tamén na Telefónica, a nosa intención é sumar forzas e axudar a resolver o conflito de xeito favorable aos traballadores e traballadoras.**

A súa loita por un traballo digno debe ser apoiada de maneira clara tamén polos traballadores e traballadoras de Telefónica. Os paros convocados pola CIG en Galiza coincidirán cos que se convoquen no resto do estado pola mesma causa.

Os paros, de dúas horas de duración, faranse coincidir con mobilizacións conxuntas co persoal das contratadas, nos vindeiros días iremos informando de como evoluciona este conflito que dura xa máis de 40 días e concretaremos as mobilizacións que se irán convocando.

Dende a CIG queremos pedirvos o voso apoio a estes paros e a participación nas mobilizacións que se convoquen. Queremos pedirvos que non olledes para outro lado, que bodedes unha man para que os compañeiros das contratadas poidan conseguir as súas reivindicacións laborais, que son as nosas; na loita obreira todos e todas somos necesarios.

## **Participa nos paros e súmate ás mobilizacións.**

## **Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!**

A Coruña 20 de maio de 2015